

**RESOLUCIÓN DA DECANA DA FACULTADE DE DEREITO DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 17 DE XULLO,
SOBRE NORMAS PARA A ASIGNACIÓN E CAMBIO DE GRUPO NA
TITULACIÓN DE GRADUADO EN DEREITO E DO DOBRE ITINERARIO
EN DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS NO
CURSO ACADÉMICO 2025/2026**

A normativa da Universidade de Santiago de Compostela para a organización docente de primeiro e segundo ciclo, establece que é competencia dos centros a publicación dos criterios de distribución dos alumnos entre os distintos grupos, así como a regulación do procedemento para a solicitude de cambio de grupo e dos criterios para a resolución destas peticións.

É por iso que, para regular no curso académico 2025/2026 a asignación de grupo ao alumnado da titulación de graduado en Dereito e do dobre itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos que se imparte na Facultade,

RESOLVO

Primeiro.- Número de grupos

Consonte ó Plan Docente Anual para o curso 2025/2026, nas materias da titulación de graduado en Dereito hai o seguinte número de grupos:

Materias de formación básica e obrigatorias:

-3 grupos de docencia expositiva (A, B, C).

-6 grupos de docencia interactiva (A1, A2, B1, B2, C1, C2).

Segundo.- Asignación de grupo de docencia expositiva nas materias de formación básica e obrigatorias.

Os/as alumnos/as serán asignados/as ao mesmo grupo de docencia expositiva en todas as materias de formación básica e obrigatorias nas que se matriculen dentro do mesmo curso, de acordo coa orde alfabética dos seus apelidos nos seguintes termos:

-Letras A-F: grupo A.

Primeiro Curso: mañá

Segundo Curso: tarde

Terceiro Curso: mañá

Cuarto Curso: tarde

-Letras G-O: grupo B.

Primeiro Curso: tarde

Segundo Curso: mañá

Terceiro Curso: tarde

Cuarto Curso: mañá

-Letras P-Z: grupo C.

Primeiro Curso: tarde

Segundo Curso: mañá

Terceiro Curso: tarde

Cuarto Curso: mañá

Terceiro.- Asignación de grupo de docencia interactiva

1.- Os grupos de docencia interactiva da titulación de graduado en Dereito formaranse, unha vez asignados os/as alumnos/as ós grupos de docencia expositiva e, en todo caso, antes do inicio da impartición da docencia interactiva, dividindo pola orde alfabético dos seus apelidos ós alumnos/as de cada un dos grupos de docencia expositiva entre os grupos de docencia interactiva correspondentes, de tal xeito que para todas as materias do mesmo curso a cada alumno/a lle corresponda o mesmo grupo de docencia interactiva e que o número total de alumnos/as de cada un destes resulte o máis similar posible nos grupos de cada materia.

2.- Os alumnos ós que se lles asigne ou modifique o grupo de docencia expositiva con posterioridade á formación dos grupos de docencia interactiva serán adscritos automaticamente ós grupos de docencia interactiva que lles correspondan pola orde alfabético dos seus apelidos.

Cuarto.- Solicitudes de cambio de grupo

1.- Os/as alumnos/as matriculados/as na titulación de graduado en Dereito, que reúnan algún dos requisitos previstos no apartado 3, poden pedir o cambio do grupo que lles corresponda, a outro, **tanto de materias do primeiro como do segundo semestre**, mediante solicitude presentada na Secretaría Virtual do alumno **ata o día 12 de setembro de 2025**.

Os/as alumnos/as matriculados con posterioridade os prazos ordinarios e xerais de matrícula poderán solicitar o cambio de grupo nos 10 días seguintes á data na que formalicen a súa matrícula, mediante solicitude dirixida á Decana da Facultade de Dereito e presentada a través do Rexistro Electrónico da USC.

2 .-Pode solicitarse o cambio de grupo:

- De todas as materias das que o/a alumno/a estea matriculado/a
- De todas as materias dun curso ou cursos.
- De materias soltas.

3.- O cambio de grupo poderá solicitarse, e no seu caso, concederse cando se acredite a concorrencia dalgunha das causas seguintes:

- a) Cando existan motivos de incompatibilidade horaria con actividades laborais, ou formativas, debidamente acreditadas por medios documentais.
- b) Cando concorran motivos debidamente acreditados documentalmente de conciliación da vida persoal e familiar: motivos médicos, de discapacidade ou de dependencia, familiares....
- c) Cando se trate de alumnos do dobre itinerario Dereito-Relacións Laborais.
- d) Cando haxa incompatibilidade horaria con outra/s materia/s das que o/a alumno/a estea matriculado na titulación. Neste caso é imprescindible especificar a materia ou materias incompatibles en horario, expresando o nome, código, curso e grupo.
- e) Cando se trate de alumnos de programas de intercambio.
- f) Cando se trate de vítimas de violencia de xénero ou vítimas de atentados terroristas, e que esa condición sexa debidamente acreditada por medios documentais.
- g) Cando se trate de deportistas de alto nivel que estean en posesión do certificado correspondente da USC.

4.- No caso das solicitudes amparadas nos supostos previstos nos apartados *a)*, *b)* e *d)* poderán ser denegadas nalgunha/s materia/s pola necesidade de manter o equilibrio numérico na composición dos grupos de docencia dun mesmo curso.

5.- A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións esixidas para o cambio de grupo presentárase escaneada acompañando a solicitude na secretaría virtual do alumno.

Quinto.- Resolución e procedemento de reclamación

1.- As solicitudes de cambio de grupo presentadas ata o día 12 de setembro, inclusive, serán resoltas de xeito conxunto pola Decana da Facultade mediante unha resolución provisional.

2.- Contra a resolución provisional de cambio de grupo pódese reclamar ante a Decana no prazo de dez días contados desde o día seguinte ó de publicación daquela no taboleiro de anuncios da sede electrónica da USC, a través do Rexistro Electrónico da USC.

3.- *A Decana resolverá as reclamacións presentadas, logo de informe da Comisión de Docencia, e ditará a correspondente resolución definitiva sobre a asignación de grupos, que se publicará nos mesmos medios que a resolución provisional no prazo máximo de dez días contados desde o día seguinte ó de finalización do prazo de reclamación.*

4.- Contra a resolución definitiva de cambio de grupo pódese recorrer en alzada ante o Reitor.

5.- As solicitudes de cambio de grupo presentadas despois do día 12 de setembro serán resoltas pola Decana da Facultade individualizadamente, seguindo o mesmo procedemento e recursos previstos nos apartados anteriores.

Sexto.- Entrada en vigor

Esta Resolución entre en vigor o mesmo día da súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da USC.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Decana

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANA MARIA GUDE FERNANDEZ, DECANO A DA FACULTADE DE DEREITO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 17/07/2025 12:46:43.

CSV: B62D-274B-43E1-8965